



Xan de Rieira casouse  
con Rosa da Pedra da augha  
e como de moi contentos  
de presa puxeron casa.

Xan quixo á súa Rosa  
polo ben que preiticaba  
e polo donaire que nas ruadas gastaba.

Xan quixo polo patrón  
oir misa cantada  
e pideulle a roupa a Rosa  
e ela díxolle que estaba rachada.

“Eu casar, caseime,  
oghallá non me casara.  
De solteiro roupa nova  
de casado remendada.”

Mociñas que non sabeis que é casaca,  
non boteis sobre os homes  
todo o goberno da casa.

- *Pero despois eu non sei que aínda hai máis continuación desto.*
- *¿Esto ven do gaitero de Lugo?*
- *Sí. Pero...*

Aquí estamos os agrarios de Cores  
para chorar os nosos pesares  
que ios queremos cantar  
nos días de Carnavales.